

## Paixón de militancia e escuros desertores

XELA ARIAS

Hai que ser honestos. Teño vinteseis anos e esta é a primeira vez que piso unha Universidade. Non, non son un caso da pobreza galega, anque se poidan contar por ducias. Só é que hai dez anos elixín a rúa antes cás aulas e o que hoxe son é un producto diso. Como o sistema está por tódolos sitios, non creo nin que acertase nin que errase. Foi unha elección, que asumo e aínda defendo; pero, se hoxe entro aquí, creo que é xusto dicilo pois así, máis facilmente, contaredes por anticipado coas miñas carencias de nena de barrio vida a proletaria.

Hei confesar, en verdade, que non comprendo demasiado ben por que estou aquí. Neste día teredes oportunidade de escoitar leccións, quizais maxistras, dunha muller e un home cultos, con palabra fluída e experiencia docente probadas. Non é o meu caso. Eles: unha profesora escritora e ensaísta e mais un escritor editor e parlamentario. Coxeguéame algo por dentro. ¿Que méritos traio eu para pretender que me aturedes? Só atopo unha desculpa: hai un par de anos publiquei un poemario, *Denuncia do equilibrio*. ¿Mais isto é suficiente? Sen modestia, penso que ben pouco para o caso de contar con que sexa quen de entrete-los vosos próximos corenta e cinco minutos sen que saíades fuxindo á primeira de cambio. Quizais quen me contratou tiña unha mañá despistada. Quen sabe. De tódolos xeitos, agardo que con estes únicos datos, saibades escusa-la miña necesidade —para colmo non son nada faladora— de ler estes papeis.

Imos imaxinar. De Galicia a Madrid hai só cincocentos quilómetros. ¿Por que, entón, a atopo tan lonxe? De certo, se a penso desde aquí, Galicia non existe. Ou si, é a patria remota dalgún taxista e uns cantos camareiros de bares e tabernas. Pero Galicia, Galicia, a que eu coñezo, desde aquí antóllaseme case tan lonxana e incomprendible, antiga e a un tempo novidosa, coma Cixordania, se quero. Pero claro, non quero. Vouna pillar polas orellas e traela un instante. Imoslle dar un vistazo, ou tal vez o meu vistazo.

Unha nación non recoñecida. Unha nación practicamente non reclamada. Si, suponse unha das tres nacionalidades históricas de España, pero Catalunya e Euzkadi foron, e seguen a ser, constantemente reclamadas polos seus fillos, por medio da guerra declarada ou pola participación no sis-

tema económico sen concesións. En Galicia, practicamente ninguén —poñéndome a ve-las cousas desde Madrid, só vexo en cada nova convocatoria de eleccións as siglas de tres ou catro partidos nacionalistas, que polo demais parecen non mollar—, practicamente ninguén abre a boca para berrar. En todo caso, e desde fóra, recordouse que existe como terra reclamada por uns cantos Centros Galegos, maiormente espallados pola emigración sudamericana, e con non se sabe se moi sa intención. Pregúntome a que a asociaredes vós, perdón, un vós no que penso cando escribo e que se refire a alguén habitante de Madrid que non coñece a Galicia canibal da que hoxe veño.

Soaríavos quizais a formación do último goberno, o desastre radioactivo e informativo do Casón nas costas de Fisterra, a reconversión naval, Astano e Bazán. Xa, os mariscos, a suposta dozura das galegas e mailas umbrosas tardes de veraneante en Sanxenxo e A Coruña. A chuvía de Santiago. ¿Sinistro Total e Resentidos conseguiron outra imaxe? ¿Ou iso só toca a Vigo, coma se Vigo fose unha cidade nenúfar enriba da terra? ¿Ou ó mundo da música non se lle supón que responda a unha realidade concreta? Galicia canibal era unha declaración de existencia.

Sí, Galicia canibal era unha boa declaración de existencia. A fotomatón dun país repartido ata a saciedade polo minifundio da terra, o mar e mailo pensamento, a desconfianza de saberse repetidamente enganado e o medo á maioría de idade de quen sufriu a autoritaria tutela paternalista na sumisión durante demasiados anos.

Acheguémonos ó gran. O idioma é o principal signo dunha cultura. Quere iso dicir que un pobo que se alonxa do seu idioma alónxase da súa cultura. Quere iso dicir que a un pobo ó que alonxan do seu idioma alónxano da súa cultura. Quere iso dicir que Galicia ten aínda hoxe os seus mitos, a súa tradición sen resolver porque ten aínda sen resolve-la aceptación do seu propio idioma. Porque sabe cava-la terra, recolle-las nasas ou fabricar un trasatlántico en galego, pero aínda empeza a aprender a saír de copas ou facer un trapicheo urbano calquera en galego. Porque o currante da fábrica de Citroën sabe comer en galego cos seus compañeiros pero aínda dubida se será bo para o seu fillo aprende-las matemáticas en galego, porque o mesmo mito que escoitou na súa infancia tocante á inutilidade do seu propio idioma, aínda o ronda..., e é tan inmensa a maioría que en Galicia coida crer aquilo de que canta máis xente fale nun idioma mellor nos habemos entender, que será moi difícil vir a estas alturas lembrar que se primeiro coñezo o meu corpo, mañá coñecerei mellor o dos outros. É tan obvio que se fai ridículo mesmo o pensalo de novo. E sen embargo, é aí onde debe comenazar todo para Galicia. Non abonda con que exista un Instituto da Lingua Galega, non abondan as conferencias sobre culturas minorizadas, non abonda que traduzamos ós clásicos a un idioma que case non se le. Non abonda, e sen embargo é a única solución. Cabería pensar se é antes o ovo ou a galiña. Cabería pensalo, mais xa non vén

a conto. A derradeira solución sería mitinearlle a un pobo que, coma tódolos pobos, esgota a maior parte das súas capacidades na propia supervivencia, que se esgota na súa propia explotación; mitinearlle, digo, sobre a necesidade de recuperar e asumir a súa propia cultura. Á merda coa cultura, dirá o pai ó que esa cultura da que hoxe se lle reclama que faga caso, non só non lle serviu para case nada, senón que quizais lle ensinou tódalas frustracións da inferioridade.

É prosaico. Pero o cotián adoita ser moi prosaico. E a cultura dun pobo sac do mortal día a día.

E sabemos que isto non é nada. Que queda nunha nimiedade o ter que loitar contra a indiferencia e maila desconfianza cando o bando dos loitadores sofre guerras civís que dezman as súas fileiras. Entre os que opinamos que Galicia debe mira-la cara en tódolos espellos, cóncavos, convexos e normais, asumir-los seus signos de identidade para asasina-los seus propios complexos, para logo elixi-la carretera que máis lle praza, entre nós hai encarnizadas batallas. Non, desde logo non vou referirme agora ás pelexas domésticas, nin sequera ás políticas sobre como debe recupera-la voz o silencio. Sigo a falar do idioma, porque, recordo, estas xornadas van de lingua a literatura.

Pelexamos porque, partindo da común idea de que debe normalizarse a lingua para poder acceder á, para min, *excesivamente sistematizada* normalización social e cultural do estado, sabemos que se pode facer de moitos xeitos distintos. E, case cada un de nós, ten un modelo distinto de como lograla. O Instituto da Lingua Galega e maila Real Academia Gallega fixeron unha normativa, con criterios filolóxicos moi autorizados, para estruturar dalgún xeito o uso do idioma escrito e falado. A Administración creu conveniente apoiar esta iniciativa e creouse así unha normativa oficial. Mais outros criterios viñeron acusala de imposición, de excesiva lonxanía do portugués e, así mesmo, excesiva cercanía ó castelán. E entre estes últimos hai quen queren a grafía portuguesa, e hainos que se conforman con algunhas semellanzas namais. Particularmente, non son filóloga. Como lectora e «escribidora», a oficial non me parece o peor, anque tampouco a perfecta. Recoñezo a miña desconfianza natural cara ó institucional e, sen embargo, creo que debemos asumir esta normativa oficial do idioma. Estou completamente segura de que esta non será a que permaneza dentro de, poñamos por caso, dez anos, se a normalización lingüística segue a canle prevista, ou algunha semellante, que dada a situación xa sería bo. Creo, con Serra, que «a obriga de saber ler e escribir como as ordenanzas gramaticais mandan, mata a lingua ou a súa evolución normal. A min sempre me atraeu a fala popular. Teño en moita estima ó que inventou coco por cabeza». E creo con el, do que polo demais só coñezo estes párrafos tirados dun xornal: «En realidade as palabras son fermosas cando séculos de incultura as deixaron tal cal son. Ó analfabeto débenselle as palabras lindas. Unha lingua ha medrar coma a hedra, dándolle o sol e mailo aire». Pero sabe-

mos que cando un idioma non está plena e sanamente asentado, estas mesmas frases poden volverse contra del e serviren de sustento para seguir deixándoo marxinado, condenado ó cultivo espontáneo e ó uso exclusivo dunha poboación analfabeta (á que polo demais habería que seguir protexendo analfabeta, para que seguise creando as «palabras lindas»).

A realidade é ben distinta. Particularmente, creo que se hoxe adoptamos unha normativa, calquera (e, sinceramente, anque só fose por gañar tempo, conformaríame neste caso con adoptala oficial polo simple feito consumado de levar xa cinco anos en exercicio), se se adopta unha única, o progreso dela é o que xa non corresponde a un instituto da lingua, a un organismo oficial ou academia. Unha vez adoptada, usada e asentada, comezará a ter senso o recoñecer, mesmo habería que provocar, as variacións da lingua falada na rúa, o moldeado do idioma que o seu uso verdadeiramente «humano» vaia facendo. E entón a función dos organismos queda na de recolector das variantes que crea unha fala que usa, manosea, fere e acariña a un idioma nos miles de paseos por bocas e papeis. E así ha de ser.

Se conxuntamente se adoptase unha normativa —sigamos poñendo que a que hai—, non se darían en Galicia casos coma os que se están dando entre rapaces que deben aprender hoxe o galego coma unha materia máis. Acontece que hai algo que comeza a facer *detestable* para estes rapaces as clases de galego, e é que dependen da ideoloxía do profesor lingüísta para ter que aprendelo. Se hoxe é lusista o seu mestre deberán escribir LL como LH e atender a unha sintaxe particular. Se o mestre do curso seguinte segue a normativa oficial haberá que esquecerlo todo e crer que *asociación* é *asociación* e non *asociaçon*, que iremos *ó cine* e non *ao cine*. Gaña-lo odio dos nenos non é nada louvable e menos se o que tentamos é que por eles se recupere e perdure un idioma secularmente reservado ós «baixos fondos» da sociedade. O caso agrávase, polo demais, canto máis se analiza, pois sucede que rapaces que tiveron como lingua nai o castelán atopan aquí a razón necesaria para se negaren a aprender unha nova e, ó mesmo tempo, rapaces que tiveron o galego como primeira lingua, simplemente alucinan ó descubriren cómo palabras e mais expresións que usaron toda a vida, de sotaque non son así, non se dí así, co cal non cren para nada —de novo— ós salvadores que con etiqueta de intelectualidade se sentan diante deles. O proceso —sábese, desde logo, por anticipado— ha de ser difícil, pero ou aunamos esforzos asasinando as nosas pequenas «saborías» para lograr poñelo en marcha, ou isto comeza a rematar no seu mesmo principio. Creo firmemente, anque non sei se terei demasiados compañeiros na tal crenza, que se os galegos non queren dicir *ata* no sitio de *hasta*, *astra* ou *até*, *ata* non perdurará en, de novo poñamos por caso dez anos. *Mais se hoxe o escribimos todos, anque o digamos como mellor nos pareza, poderemos traballar logo sobre algo concreto, feito, poderemos entón facer mesmo votacións populares —se se quere— para cambialo na escrita*

e que quede o que máis se diga na rúa; mais non fagamos «votacións» antes de saber con que palabras conta o noso propio idioma ou qué consideran os lingüistas —ó cabo os especialistas na evolución do idioma—. A un idioma que viviu oprimido e condicionado de tal xeito por outro, salvaxe durante tantos anos, brincando matos, montes e pradairas, non se lle pode esixir que respete as leis de tráfico por autopista. Necessitará, e agora débese ser benévolos, unha aprendizaxe longa e lenta, e quizais con tempo el mesmo veña a inventar sinais novos.

Pois nun país así, con adolescentes estudantes que aínda se debaten contra as cordas que impón un profesorado que —é xusto suponerllo— en cada curso pretende que os seus discípulos aprendan dunha vez a xusta verdade, e que o único que consegue é que os aprendíces atopen demasiadas verdades únicas, nun país así... escribir, aínda máis, ir de poeta pola vida... tínguese dun romanticismo dezaoitesco espantoso. Coma fortes guerreiros de batallas perdidas saen á rúa uns señores que se desterran ó reducto ínfimo dos lectores de poesía e aquí, aínda por máis, exercen de estrelas escuras, sen brillo nin luz, autoincapacitándose para a comunicación a escala normal e automarxinándose a grupúsculos interesados nun idioma que —as cousas son así— aínda non anda en coche polas rúas da cidade, camiña a pé por carreiros de coiros.

Os máis dos lectores en galego en Galicia son —quitando ós estudantes, que o son por obriga e que se limitan, case sempre, ós clásicos traducidos ou ás poucas novelas *best-seller* que pode producir Galicia—, os lectores en galego en Galicia son, na súa maior parte, xente de máis de 30 anos, xente que ten un pasado político activo de «resistencia», digamos, e que aínda hoxe, por sorte, non se pasou ó *yuppismo* —moitos xa o fixeron— e seguen interesados en mante-la chama que un día, na clandestinidade, os animou a guerrear contra o réxime. Esa é a maioría, e é doado supoñelo, pois os que hoxe temos menos de 30 anos tiñamos, como moito, dezaoto no 75, á morte de Franco, e aí os de dezaoto para abaixo, na súa maioría, xogabamos á política, pero só xogabamos, e —en Galicia, coma en case todo o resto do Estado— despois do 75 a política foi outra cousa, outra cousa, mais xa non —ou foino por ben pouco tempo— o medio para cambiarlo mundo.

¿E non é romanticismo practicamente estúpido escribir poemas ós 20 anos nun idioma que case só len os maiores de 30? Si, sentínme moitas veces estúpida dando a miña visión e mailo meu ritmo de dezanove anos —nas miñas primeiras saídas ó «público»—, as miñas inquedanzas de recién salvada adolescencia nos «frustrantes oitenta» a unha lingua derruída, a uns lectores que —sabíao por adiantado— só nunha mínima parte van ter algo que ver comigo. Non houbo pasotas ou punqueros, non hai roqueros en Galicia e en galego. Hainos, si, en Catalunya —e sabémolo porque sabemos dos grupos de teatro, de música, de videastas que traballan co catalán—. Pero en Galicia non hai roqueros en galego. E un pode escribir

en galego a estar máis cerca do imposible lector madrileño degustador de Enemigos que do posible lector galego maior de trinta anos.

E sen embargo dise que en Galicia se vive a idade de ouro da poesía galega. Recentemente publicouse un informe sobre a situación do libro galego, e dos seus quince puntos de resume, o texto di literalmente: «na recortada produción editorial galega sobran poemas e fan falta novelas, enciclopedias e libros técnicos». Diríase que cada galego ten un libro de poesía galega na mesiña de noite. Nada máis lonxe da realidade. E, aínda así, no ano 85 a produción galega de libros de poemas foi dun 20 % frente ó 12 % da narrativa, mentres, segundo o mesmo informe, a poesía castelá ocupaba en España só o case 4 % da produción editorial.

Se os informes o din, así será. O certo é que eu traballo nunha casa editorial e só hai vinte libros de poemas frente a cincuenta de narrativa en sete anos de traballo. Aínda así, supoñamos que a editorial na que eu traballo é a que menos poesía publica —o que, penso, é moito supoñer, pero ben—. ¿O feito de que un país teña moitos poetas é denunciante? ¿Sobran eses libros? ¿Ou, simplemente, faltan os outros, os técnicos e mailas enciclopedias?, o que evidentemente é certo. É imposible atopar en galego libros de coidados de plantas de interior, poñamos por caso, e cóntanse cos dedos dunha man os ensaios sobre feminismo ou sicoloxía.

O que si creo é que esa superabundancia entre comiñas de libros de poemas, débese á grande participación dos escritores con edicións de autor, por fóra das canles institucionais e editoriais, porque se demostrou —para os poucos ilusos que o intentaron— que soste unha editorial especializada en poesía é, a todas luces, non difícil (coma en español) senón imposible en galego. Publicáranse moitos libros de poesía en galego, pero deben repartirse entre familiares e amigos, pois o que é mercar, non parece que os merquen a mancheas. Se unha edición de 1.500 exemplares de poemas se esgota, é extraordinarísimo en Galicia. Polo demais, e este é un bo metro para medir, traducíronse ó castelán —e vós xa lestes algo— novelas escritas primeiramente en galego, mais ¿quen coñece algunha parte desa «asoballante» creación poética galega actual traducida ó castelán? Isto é unha viaxe á negación. Hai demasiados poetas, pode dicirse, e sen embargo ninguén é quen de rescatar nin un só para o resto do Estado. ¿Só os malos poetas escribimos en galego?..., e pode ser unha das conclusións...

A poesía galega ten neste momento o mesmo problema que ten a poesía española, ou cando menos en grande medida. E o problema é que a maior parte da poesía que se escribe é maiormente reaccionaria, reaccionaria por conformista. No caso galego apéneme recoñecer como único libro verdadeiramente revolucionario a publicación, aló polo 77 de *Con pólvora e magnolias*, de X. L. Méndez Ferrín. O que hoxe se chama a xove poesía galega, na que necesariamente me sinto incluída, de mozos menores de 30 anos e ós que desde hai tres ou catro se califica de «promesas literarias», fai auga por varios puntos. Moi por diante de nós están os instala-

dos, os que conseguiron —por moi diversos medios, e ás veces extraliterarios— un sitio na historia da literatura, cando menos na galega. Uns fan loxe milimetrados poemas sobre unha viaxe a Creta ou o insubstituíble destino; outros xogan a mergullárense nos dicionarios e adícanse á artesanía do trezado de expresións tradicionalistas e cultas para fuxir do compromiso. Hai, inevitablemente, os copións, facilmente recoñecibles, e podes descubrir de sotaque un Gimferrer en galego como auténtico produto da casa. Outros, os menos, de certo, fannos sentir cando os lemos que aquilo é o poema, que alí hai sangue e auga, e impresiónannos. Calquera xove poeta español atopa un panorama semellante, e imaxino que a variación sería moi lixeira ó longo dos séculos.

Si, mais non. Escribir pode ser de por si un acto revolucionario, pero favelo en galego —cultura, repito, minorizada e devaluada, anque agora se tente unha certa reevaluación—, escribir en galego si é unha revolución sempre. O malo é que é a única revolución que a maior parte dos poetas galegos se permiten. E un, que nun principio se sentiu unido dalgún xeito á caravana por utilizar, digamos, a mesma marca de fábrica, vai vendo pouco a pouco como o detalle do idioma se alonxa para quedar case nunha anécdota. Anécdota para a súa produción, que non para a expansión da súa creación, condenada ós mesmos reducidísimos circuitos.

Creo que os menores de 30 anos que hoxe temos un libro no mercado somos fillos da casualidade. Sabemos, calquera de nós, da existencia de moitos colegas en idade e paixón que quedaron ás portas da editorial. Sabemos dos que pasaron ó castelán —ou dos que xa de sempre se instalaron nel porque as luces son alí máis brancas—. E sabemos dos que prefiren oculta-los seus papeis feridos ó caos dun círculo demasiado estreito de literatos.

¿E a crítica? ¿Onde está a crítica que debера ocuparse de aguillar os artistas e non deixalos durmir nas súas comodidades de asalariados con pequenas ambicións poéticas? ¿Onde a crítica poética que debера denunciarlo abuso de influencia que se leva recollido na poesía contemporánea dos colocadísimos novísimos? Se no Estado enteiro a crítica poética é practicamente nula, en Galicia roza xa o punto cero.

Creo que en galego, coma en español, o camiño dos poetas está en atopar novas vías, coma sempre. Temos moito material tras de nós, por tradición, por literatura, e se nos deixamos levar, como parece que ocorre maiormente, pola insana influencia dos ditosos novísimos, ou calquera outra xeración precedente, xamais sairemos da insubstancial copia. Trátase de inventar un mundo novo. O noso. O seu valor xa se verá, non hai pré-sa. Debemos mirar sen complexos a propia nova sociedade que medra arredor e en nós, que, por outra banda e evidentemente, xa non é a que atoparon os pasados. Observala, críticacala e inventar un ritmo para os nosos pequenos achádegos.

E moitas gracias.